

**AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO
MERCADO LABORAL GALEGO**

2011

XUNTA DE GALICIA

As persoas con discapacidade no mercado laboral galego

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
Santiago de Compostela
2011

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
M.^a José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Rosa M.^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
M.^a del Mar Martínez Besada
Sergio Cantalejo Díez
M.^a Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M.^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose
M.^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M.^a José Porto Pardiñas

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	7
2. A POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE EN GALICIA.....	9
3. CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA.....	15
4. CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE GALICIA.....	25
5. PERFIL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE CONTRATADAS EN GALICIA NO ANO 2010.....	27
6. DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA.....	28
7. PERFIL DAS PERSOAS DEMANDANTES PARADAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA NO ANO 2010.....	37
8. TRAZOS MÁIS SALIENTABLES DA DISCAPACIDADE E O EMPREGO EN GALICIA.....	38
9. FICHAS TÉCNICAS: AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MERCADO LABORAL DAS PROVINCIAS GALEGAS.....	39

1. INTRODUCCIÓN

Seguindo coa colección de informes que afondan nos diferentes colectivos de interese para o mercado de traballo, este estudo monográfico analiza a evolución recente no ámbito laboral das persoas con discapacidade.

O termo discapacidade habitualmente relaciónase con outros como prevención, atención temperá, integración educativa, laboral, accesibilidade, rehabilitación, etc. Segundo a CIF (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde), enténdese por discapacidade un termo xenérico que inclúe deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación. Indica os aspectos negativos da interacción entre un individuo (cunha “determinada condición de saúde”) e os seus factores contextuais (factores ambientais e persoais).

As persoas con discapacidade conforman un grupo moi heteroxéneo, con casuísticas e problemáticas moi diferentes segundo o tipo de discapacidade, pero todas elas teñen algo en común: adoitan necesitar axudas e apoios para participar en todos os ámbitos da vida en igualdade de condicións que o resto da poboación.

Por este motivo, e máis se cabe en épocas de dificultades para o acceso ao mercado de traballo, os poderes públicos intensifican a planificación de actuacións a favor de colectivos como os discapacitados, *a priori* máis expostos á precarización do emprego, co obxecto de xerar condicións efectivas de non discriminación e integración universal. O principal obxectivo é que o mercado de traballo deixe de ser un espazo excluínte para se converter nun ámbito onde poidan exercer o seu dereito a empregarse en calquera novo posto de traballo xerado, demostrando e difundindo a súa capacidade e competencia como traballadores e traballadoras.

As melloras na formación, na cualificación e os avances a nivel tecnolóxico son aspectos que cómpre ter moi en conta para garantir as posibilidades de adaptación das persoas con discapacidade a un contorno tan cambiante como é o ámbito do traballo.

Neste marco, o informe pretende ser unha aproximación en tempo real á realidade das persoas discapacitadas no mundo laboral.

Previamente á análise da relación entre a discapacidade e o mercado de traballo, faise unha breve exposición dos datos a nivel demográfico baseándose na información procedente do Censo de persoas con discapacidade de Galicia e da Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008), a cal leva a cabo o Instituto Nacional de Estatística.

Desde esta visión, pásase á descrición e avaliación das características laborais, analizando a contratación e o paro rexistrado do colectivo de persoas con discapacidade en comparación cos datos presentados polo conxunto da poboación e cos datos das restantes comunidades autónomas españolas. Expóñense as evolucións temporais dos parámetros máis significativos da contratación e da demanda, e outras como os sectores e ocupacións con maior contratación e desemprego, mobilidade dos traballadores con discapacidade, tempo de procura de emprego e diferentes modalidades de contratación, entre outras.

Inclúese información de interese en relación cos centros especiais de emprego (CEE) e as contratacións laborais que estes levan a cabo. Os CEE teñen como obxectivo principal proporcionar a realización dun traballo produtivo e remunerado, como paso á integración destas persoas no mercado de traballo ordinario. No ano 2010, practicamente o 16% dos contratos rexistrados a persoas con discapacidade galegas foron efectuados neste tipo de centros.

Os datos tratados para desenvolver o apartado laboral corresponden aos contratos e demandantes parados facilitados polos servizos públicos de emprego de Galicia. Os demandantes parados tidos en conta son aqueles traballadores que na súa solicitude de emprego declaran que presentan unha discapacidade. Sendo optativa esta declaración, pode haber máis traballadores/as que, mesmo presentando discapacidade, non a declaren. Da mesma forma, os contratos considerados son aqueles de carácter xeral que asinan persoas con discapacidade, incluídos os específicos para este colectivo e que así o fan constar no momento do rexistro.

Para a ampliación da información contida neste informe ou outra información relevante do mercado laboral galego, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións postas á disposición do usuario no seguinte enderezo:

<http://emplego.xunta.es/cualificaciones/>

2. A POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE EN GALICIA


A Consellería de Traballo e Benestar elabora e publica, a través do Instituto Galego de Estatística, o Censo de persoas con discapacidade de Galicia, o cal fai referencia ao conxunto de persoas que teñen recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta base de datos serve de instrumento de planificación para elaborar as correspondentes políticas de intervención na área da discapacidade.

A través deste censo, pódese obter a seguinte información: tipo de discapacidade (física, psíquica e/ou sensorial); tipoloxías de diagnóstico por cada grupo de discapacidade (distribuídas en 21 diagnósticos); distribución territorial da poboación con discapacidade; a estrutura de idade desa poboación; a súa distribución por sexo ou por grao de discapacidade, etc.

Os datos corresponden a decembro de cada ano. Cómpre mencionar que a información exposta neste apartado é unha aproximación parcial, xa que o recoñecemento da condición de discapacidade se inicia por instancia de parte; polo tanto, só contén aquelas persoas que voluntariamente o solicitan. Neste caso, analizaremos as características da poboación con discapacidade valorada.

Segundo a información dispoñible, a poboación con discapacidade recoñecida en Galicia en decembro de 2010 é de 216.772 persoas, o 7,74% do total da poboación.

Coa excepción do ano 2008, en que se reduce o volume de persoas con discapacidade polo efecto dunha depuración dos datos levada a cabo no censo, observamos como nos restantes períodos o número de persoas discapacitadas experimenta un crecemento constante ano tras ano.




Fonte: Censo de persoas con discapacidade de Galicia

A Coruña é a provincia galega onde maior volume de persoas discapacitadas residen, en función dos datos correspondentes ao ano 2010, e, ao mesmo tempo, é onde maior peso teñen cando as comparamos cos datos da poboación total: en decembro dese ano os discapacitados supoñían o 8,14% do total da poboación coruñesa.

Porcentualmente, a provincia que experimenta un maior crecemento no censo de poboación discapacitada é Ourense, cun 7,69% máis de persoas rexistradas en 2010 dos que así constaban en decembro de 2007.

2010	Persoas con discapacidade
A Coruña	93.404
Lugo	20.955
Ourense	25.287
Pontevedra	77.126



Fonte: Censo de persoas con discapacidade de Galicia

O número de persoas con discapacidade aumenta en proporción directa co incremento da idade; así, as persoas maiores de 74 anos en Galicia acaparan practicamente a terceira parte dos discapacitados totais. Tamén este grupo de idade é o que experimenta un maior incremento de recoñecementos entre o ano 2007 e o ano 2010 (un 23,45% de crecemento para ese período).

Por outra banda, o número de rexistros de discapacidade con idades comprendidas entre os 7 e os 29 anos diminúe nos catro últimos anos nunha porcentaxe do -8,24%.




No seguinte cadro constan os tipos e graos de minusvalidez que posúen os galegos con discapacidade no ano 2010. Non hai que esquecer que unha persoa pode ter varios tipos de discapacidade simultaneamente, co cal os totais desagregados serán máis elevados que os totais de persoas con discapacidade presentados ao inicio do informe.

DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE POR TIPO DE MINUSVALIDEZ, GRAO E PROVINCIA. 2010

	Do 33% ao 64%			Do 65% ao 74%			75% ou máis		
	Física	Psíquica	Sensorial	Física	Psíquica	Sensorial	Física	Psíquica	Sensorial
Galicia	81.176	24.275	19.161	42.566	29.451	10.005	34.044	22.535	10.267
A Coruña	38.744	11.237	8.915	17.280	11.831	3.633	16.071	10.080	4.414
Lugo	8.705	3.112	2.347	4.103	3.886	1.290	2.833	2.504	1.136
Ourense	5.537	1.685	1.414	4.166	3.282	1.162	2.818	1.984	938
Pontevedra	28.190	8.241	6.485	17.017	10.452	3.920	12.322	7.967	3.779

Fonte: Censo de persoas con discapacidade de Galicia

Máis da metade das persoas que presentan unha discapacidade recoñecida na comunidade autónoma galega téñena de carácter físico, mentres que un 27,89% teñen unha minusvalía psíquica, e para un 14,42% é de carácter sensorial. Dentro das discapacidades de tipo físico, destacan por volume de recoñecementos aquelas que teñen que ver co sistema osteoarticular e o aparato circulatorio; dentro das discapacidades psíquicas destacan claramente as enfermidades mentais; e nas de carácter sensorial, aquelas que teñen relación coa visión.





Fonte: Censo de persoas con discapacidade de Galicia

No referente ao grao de discapacidade, o 45,57% do total de persoas rexistradas teñen unha discapacidade de entre o 33% e o 64%, repartíndose as restantes de maneira homoxénea entre os demais graos considerados.

As mulleres representan a maioría das persoas que teñen unha discapacidade recoñecida en Galicia (o 53,17%) e idéntica distribución se aprecia nos diferentes tipos de discapacidade. Lugo é a única provincia galega onde os homes superan as mulleres neste colectivo de poboación (un 51,15% no ano 2010).

Co fin de levar a cabo unha comparativa da situación das persoas discapacitadas entre a comunidade galega e o conxunto estatal, acudimos á **Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)** que leva a cabo o Instituto Nacional de Estatística co apoio do Ministerio de Sanidade e Política Social. Aínda que os últimos datos corresponden ao ano 2008, estes permítenos ter unha perspectiva xeral da situación deste colectivo.


Baseándonos nestes datos, podemos comprobar como Galicia é a segunda comunidade autónoma española, xunto con Extremadura, en canto ao peso relativo deste colectivo sobre o total da poboación (un 10,91%), por encima da media nacional, que presenta un 8,79%, tal como se mostra no cadro e mapa seguintes.



Fonte: INE. Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)

As mulleres con discapacidade maiores de 44 anos superan en volume aos homes, aínda que no caso da comunidade galega esta superioridade é maior que a acontecida no conxunto do Estado: en Galicia por cada 100 homes discapacitados atopamos 161 mulleres (en España son 150 mulleres).

Por outra banda, a incidencia das persoas con discapacidade maiores de 65 anos é superior en Galicia que en España; segundo a enquisa de 2008, na comunidade galega representaban o 65% e no marco nacional, o 58%.



Fonte: INE. Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)

A Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia tamén achega datos sobre o número de persoas con discapacidade que residen en centros de atención especializada. En Galicia, esta porcentaxe ascende a un 3,5%, mentres que en España a proporción é superior: un 7%.

Por último, a mencionada enquisa engade datos relacionados co emprego que complementan a información analizada ata o de agora. Hai que ter en conta que son datos correspondentes ao ano 2008 e que a situación do emprego en España variou substancialmente nos tres últimos anos. Aínda así, pódennos dar unha visión comparativa interesante sobre a situación deste colectivo no ámbito laboral.

Tres cuartas partes das persoas con discapacidade en Galicia en idade de traballar atopábanse nese momento cobrando una pensión contributiva ou non contributiva, mentres que o restante 25% se repartía entre os inactivos (10,76%), os que estaban traballando (8,46%) e os desempregados (2%), por esta orde.

Como se observa, a porcentaxe de persoas con discapacidade que se atopaba nese momento traballando e a porcentaxe das que estaban na procura dun emprego é lixeiramente superior no conxunto nacional cando a comparamos coa comunidade autónoma galega. En cambio, a proporción de persoas que perciben unha pensión tanto contributiva como non contributiva é bastante máis elevada en Galicia.



En canto ao xénero, podemos engadir que en Galicia a porcentaxe de homes discapacitados con traballo é superior á das mulleres (10,55% de homes e 7,18% de mulleres); pola contra, a proporción de mulleres desempregadas supera os homes na mesma situación (1,41% de homes e 2,51% de mulleres).

Falando en valores absolutos, o 8,46% de galegos con discapacidade que estaban traballando en Galicia no ano 2008 representan un total de 24.600 persoas; máis da metade deles atoparon traballo a través dun contrato específico para persoas con discapacidade e un 71% do total son traballadores asalariados.

PORCENTAXE DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE 16 E MÁIS ANOS SEGUNDO A SÚA RELACIÓN COA ACTIVIDADE. GALICIA 2008.

EDAD 2008	ESPAÑA	GALICIA
Traballando	11,44%	8,46%
En desemprego	3,03%	2,09%
Percibindo unha pensión contributiva ou non contributiva	66,72%	76,5%
Incapacitado para traballar	2,96%	2,19%
Outros inactivos	15,85%	10,76%

Fonte: INE. Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)



Fonte: INE. Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD 2008)

3. CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

Con data do 31 de decembro de 2010, o número de contratos de traballo asinados por persoas con discapacidade ascendía a 9.542, un 1,41% da contratación total efectuada na comunidade galega. Os contratos son de carácter xeral; dentro deles, o volume de contratos que son específicos para persoas que teñen unha discapacidade e que así son rexistrados supoñen unha cantidade inferior, en total 3.024 contratos na mesma data mencionada.

A contratación para este colectivo descendeu nos últimos cinco anos nun -2,50%, dato que, malia ser negativo, é mellor que o ofrecido polo conxunto total da contratación en Galicia, a cal cae desde o ano 2006 nun -14,91%. Ademais, cómpre engadir que no último ano o número de contratos asinados polas persoas que teñen algún tipo de discapacidade crece en 639 rexistros, o cal supón un ascenso dun 7,17%.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

						Variación da contratación de discapacitados entre 2006 e 2010	Variación da contratación xeral entre 2006 e 2010
GALICIA	2006	2007	2008	2009	2010		
HOME	6.069	6.979	6.324	5.464	5.777	-6,96%	-15,52%
MULLER	3209	3.757	3907	3439	3.765	5,23%	-14,24%
TOTAL XERAL	9.278	10.736	10.231	8.903	9.542	-2,50%	-14,91%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Os homes con discapacidade asinan practicamente o 61% do total dos contratos rexistrados, aínda que son as mulleres as únicas que experimentan crecemento contractual tendo en conta os movementos dos últimos cinco anos. A representación da muller na contratación xeral galega é dun 48%, así que podemos afirmar que existen maiores dificultades para acceder a un posto de traballo para a muller discapacitada que para a muller en xeral.


Analizando a distribución dos contratos para este colectivo nas catro provincias galegas, pódese comprobar que no ano 2010 A Coruña rexistra o 43% dos contratos creados, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo. A mesma liña de descenso sufrida polo conxunto da contratación galega experimentana as provincias de Lugo, Pontevedra e A Coruña. A única que mantén un certo crecemento contractual para o colectivo de discapacitados con respecto a anos anteriores é a provincia de Ourense, cun ascenso dun 22,71%.

A comarca de Vigo é a que acapara o volume máis elevado de contratos a persoas con discapacidade (2.078 contratos), seguida polas da Coruña (1.595), Santiago (1.104) Ourense (652) e Pontevedra (558). Atendendo a aquelas comarcas que experimentan crecemento nas contratación para este colectivo, destacan por esta orde Santiago, Ourense, Pontevedra, O Morrazo e A Barbanza. Estas cinco comarcas teñen en total 700 contratos máis en 2010 que os rexistrados na mesma data de 2006, o cal supón un crecemento porcentual medio dun 11%.

CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE NAS PROVINCIAS GALEGAS

PROVINCIAS GALEGAS	2006	2007	2008	2009	2010	Variación da contratación de discapacitados entre 2006 e 2010
A Coruña	3.937	4.552	4.365	3.898	4.147	-0,98%
Lugo	996	953	922	708	674	-24,67%
Ourense	692	833	823	752	951	22,71%
Pontevedra	3.653	4.398	4.121	3.545	3.770	-4,05%
Total xeral	9.278	10.736	10.231	8.903	9.542	-2,50%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

No ámbito estatal, as persoas con discapacidade asinaban en 2010 un total de 151.401 contratos, un 9,64% máis que en 2009 e un 1,22% menos que en 2008. España e Galicia presentan así unha tendencia moi similar de descenso na contratación ata 2009 e un lixeiro crecemento no último ano.

Por comunidades autónomas, Andalucía, Cataluña e Madrid acaparan o 42% do total dos contratos rexistrados, quedando Galicia na quinta posición por volume de empregos creados para este colectivo no ano 2010. En canto á súa representación na contratación xeral de cada comunidade autónoma, en Asturias e en Cantabria é onde maior porcentaxe acadan (un 2,98% e un 1,57% respectivamente), mentres que Galicia segue obtendo unha posición intermedia, cun 1,41% de representación.




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Unha terceira parte das persoas discapacitadas que asinan un contrato de traballo en Galicia no ano 2010 teñen entre 36 e 45 anos, seguidas do segmento de idade comprendida entre os 26 e os 35 anos.

Comparativamente, supoñen unha maior porcentaxe na contratación total de persoas con discapacidade aqueles que teñen máis de 45 anos que os menores de 25 anos. Os primeiros suman un total de 2.700 contratos e os segundos 747 contratos, practicamente catro veces máis para os traballadores de maior idade.

En todos os tramos de idade considerados son maioritarios os homes, aínda que poderíamos destacar que é nos segmentos de maior idade onde as mulleres obteñen un peso máis significativo nos movementos contractuais efectuados.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Na gran maioría dos contratos rexistrados para persoas con discapacidade non consta o tipo de discapacidade que posúen ou trátase de discapacidades non declaradas: o 61% dos casos. Naqueles en que si se ten este tipo de información, destacan claramente as persoas con discapacidade física, con 2.546 contratos rexistrados.

CONTRATOS SEGUNDO O TIPO DE DISCAPACIDADE. GALICIA 2010

	Discapacidade non declarada	Física	Psíquica	Sensorial	Da linguaxe	Non consta
A Coruña	1.291	1.068	144	286	6	1.352
Lugo	133	215	61	56	2	207
Ourense	165	310	83	72	2	319
Pontevedra	1.044	953	186	210	6	1.371
Total	2.633	2.546	474	624	16	3.249

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Atendendo á tipoloxía contractual empregada para o colectivo de discapacitados, a contratación temporal é claramente a nota predominante na comunidade autónoma galega. Entre eles, os contratos eventuais por circunstancias da produción, os de obra e servizo e os temporais para traballadores con discapacidade asinados por este colectivo supoñen o 67,71% do total da contratación.

En Galicia, os homes resultan ser os máis contratados en todas as modalidades, agás nos contratos de interinidade para a substitución nos períodos de descanso por maternidade e nas conversións de contratos temporais a contratos indefinidos para discapacitados que traballen nos centros especiais de emprego (categoría que analizaremos a continuación), onde as mulleres obteñen mellores resultados.


TIPOLOXÍA CONTRACTUAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. GALICIA 2010.

	Home	Muller	Total xeral	Porcentaxe sobre o total
Comunicación de conversión de contrato temporal a indefinido	57	40	97	1,02%
Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido (non bonificado)	92	44	136	1,43%
Comunicación de conversión de contrato temporal en contrato indefinido para a realización de traballos fixos descontínuos (non bonificado)	1	17	18	0,19%
Comunicación de conversión en indefinido do contrato de traballo temporal para minusválido	113	46	159	1,67%
Contratación de traballadores desempregados maiores de 52 anos beneficiados dos subsidios por desemprego Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, disposición transitoria quinta (non bonificada)	60	14	74	0,78%
Contrato de traballo de duración determinada (eventual por circunstancias da produción)	2.001	1.031	3.032	31,78%
Contrato de traballo de duración determinada (obra ou servizo determinado)	1.607	906	2.513	26,34%
Contrato de traballo de duración determinada (situación xubilación parcial)	1		1	0,01%
Contrato de traballo de interinidade con bonificación para substituír traballadores durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento preadoptivo ou permanente ou por risco durante o embarazo	744	958	1.702	17,84%
Contrato de traballo de revezamento	5	2	7	0,07%
Contrato de traballo en prácticas	3	3	6	0,06%
Contrato de traballo indefinido para a contratación de traballadores minusválidos	285	196	481	5,04%
Contrato de traballo para a formación	51	28	79	0,83%
Contrato de traballo para a realización de traballos fixos descontínuos (non bonificado)	11	8	19	0,20%
Contrato de traballo polo que se regula a relación laboral de carácter especial dos minusválidos que traballan en centros especiais de emprego	117	69	186	1,95%
Contrato de traballo por tempo indefinido (ordinario)	42	25	67	0,70%
Contrato de traballo por tempo indefinido a tempo parcial acollido a medidas de fomento do emprego (Lei 24/2001, Lei 12/2001) (non bonificado)	22	10	32	0,34%
Contrato de traballo temporal para traballadores con minusvalidez	559	356	915	9,59%
Conversión de contrato temporal en contrato indefinido para minusválidos que traballen nos centros especiais de emprego (bonificado)	5	12	17	0,18%
Xubilación especial 64 anos	1		1	0,01%
Total xeral	5.777	3.765	9.542	100%

A evolución mensual da contratación a persoas con discapacidade ten unha traxectoria moi similar á da contratación en xeral na comunidade galega, cun aumento progresivo nos meses de maio, xuño e xullo, para dar paso en agosto á caída de contratación máis pronunciada do ano. Aínda así, podemos dicir que a contratación segue estando fortemente vinculada aos meses de verán.

En setembro e outubro experimentábase de novo unha leve melloría na contratación, melloría que non se observa na contratación galega total, para rematar o ano con valores moi similares aos do mes de xaneiro.

Polo que respecta á evolución nos dous sexos, o comportamento entre mulleres e homes discapacitados é moi similar. A contratación diminúe ou aumenta nos mesmos meses, excepto en febreiro, novembro (nos homes a contratación diminúe e nas mulleres aumenta) e outubro (a contratación nos homes aumenta e nas mulleres descende).



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En vista dos datos acumulados desde xaneiro a decembro de 2010, pódese afirmar que o sector servizos, igual que sucede no conxunto da contratación, segue sendo o sector económico que acapara a maior porcentaxe de creación de novos postos de traballo para as persoas con algún tipo de discapacidade. Ademais, unha característica circunstancial da contratación xeral é o feito de que o sector servizos concentre a maior porcentaxe de contratos de carácter temporal en comparación cos restantes sectores económicos.

Dentro das dez actividades económicas (CNAE 2009) que concentran o maior volume de contratos nas persoas con discapacidade, destacan os servizos relacionados coa xardinaría, actividades de servizos sociais, os servizos de comidas e bebidas, o comercio ao retalho e as actividades anexas ao transporte.

Soamente tres actividades económicas das máis destacables presentan datos negativos de contratación entre os anos 2009 e 2010: son as actividades de servizos sociais sen aloxamento, as anexas ao transporte e as de Administración pública e defensa. As restantes incrementan o seu volume de contratación nunha media dun 15,60% entre ambos os dous períodos.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS (CNAE 09) CON MAIOR CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

ACTIVIDADE ECONÓMICA	Contratos 2009	Contratos 2010	Variación 09/10
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	630	1.044	65,71%
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	803	788	-1,87%
Servizos de comidas e bebidas	624	677	8,49%
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	558	611	9,50%
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	591	575	-2,71%
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	598	531	-11,20%
Actividades relacionadas co emprego	455	511	12,31%
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	333	344	3,30%
Actividades de construción especializada	291	292	0,34%
Transporte terrestre e por tubaxe	264	289	9,47%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Atendendo ás ocupacións en que maioritariamente son contratadas as persoas con discapacidade, podemos destacar en primeiro lugar, claramente, a ocupación que fai referencia ao persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares, na cal se rexistran un total de 1.226 contratos de traballo en 2010. Destaca o feito de que nesta ocupación o 72% de contratos os asinen mulleres.

Os peóns de industrias manufactureiras, os dependentes de comercio e os peóns de transporte e descargadores, as tres ocupacións que seguen por volume de contratación e que se caracterizan por teren unha baixa cualificación, acaparan o 18,25% da contratación total. Trátase de ocupacións onde atopamos un maior número de homes contratados, agás no caso dos dependentes.


Analizando a evolución das catro ocupacións mencionadas no mercado laboral galego dos últimos cinco anos, podemos comprobar como dúas delas –a de persoal de limpeza e a de dependentes– teñen un crecemento constante na contratación de persoas con discapacidade; as outras dúas –peóns de industrias manufactureiras e peóns de transporte– perden volume de contratos desde o ano de referencia (2006).

Cómpre mencionar outras ocupacións, como as de lavandeiros, pasadores de ferro ou similares, empregados de salas de xogo ou os asistentes domiciliarios, que, non sendo profesións que obteñan tan elevado número de contratos como as anteriormente citadas, mostran tamén datos moi positivos de crecemento de emprego para as persoas con algún tipo de discapacidade.

GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATOS DE PERSOAS DISCAPACITADAS

GRUPOS OCUPACIONAIS	CONTRATOS 2010
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	1.226
Peóns de industrias manufactureiras	684
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	550
Peóns do transporte e descargadores	508
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	448
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	436
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	231
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	229
Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	206
Condutores de camións	181

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Datos en porcentaxe.

GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATOS DE PERSOAS DISCAPACITADAS SEGUNDO O SEXO

GRUPOS OCUPACIONAIS	CONTRATOS HOMES
Peóns de industrias manufactureiras	534
Peóns do transporte e descargadores	451
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	334
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	305
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	281

GRUPOS OCUPACIONAIS	CONTRATOS MULLERES
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	892
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	350
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	202
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	155
Peóns de industrias manufactureiras	150

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

AS DEZ OCUPACIÓNS QUE MAIOR INCREMENTO PORCENTUAL DE CONTRATACIÓN EXPERIMENTAN ENTRE 2006 E 2010. OCUPACIÓNS CON MÁIS DE 100 CONTRATOS EN 2010

GRUPOS OCUPACIONAIS	2006	2007	2008	2009	2010
Lavandeiros, pasadores de ferro e asimilados	52	28	19	26	113
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	236	170	243	427	436
Asistentes domiciliarios	50	68	128	134	142
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	760	895	831	799	1.226
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	53	136	150	164	164
Outros diversos profesionais do ensino	103	86	91	146	138
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	136	232	226	136	229
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	500	516	521	452	550
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	394	381	431	460	448
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	159	239	272	192	231

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Atendendo á representación que ten este colectivo dentro da contratación de cada grupo ocupacional, destacan as categorías de persoal empregado en salas de xogo (un 24% dos contratos en 2010 nesta categoría son para persoas con discapacidade). Tamén os axudas de cámaras, os encargados de pintores, os recolledores de lixo, os encargados de operadores de máquinas para fabricar produtos de caucho e material plástico e os xerentes de empresas de transporte obteñen altas porcentaxes de representación na contratación de cada ocupación.

Por último, cómpre facer referencia á mobilidade xeográfica das persoas con algún tipo de discapacidade que se produce por motivos laborais. A partir da información que presenta un contrato, considérase que hai mobilidade cando non existe coincidencia entre o municipio do domicilio do traballador e o municipio do domicilio da empresa que o contratou.

Un total de 1.269 contratos de traballo foron asinados por persoas deste colectivo tendo en conta tanto as entradas a Galicia desde outras comunidades autónomas, como as saídas da comunidade galega cara a outras comunidades autónomas. Deles, 597 son contratos de entrada en Galicia e 672 son contratos de saída, o que nos dá un saldo negativo de 75 contratos a favor daqueles que deciden marchar por motivos laborais.


A única provincia que ten maior volume de contratos de entrada que de saída é A Coruña, cun saldo de 88 contratos, e a que presenta un saldo negativo máis importante é Pontevedra, con -105 contratos.

A taxa de mobilidade é a proporción de contratos dunha provincia ou territorio que implican desprazamento sobre o total da súa contratación. Así, a taxa de mobilidade galega de persoas con discapacidade para o ano 2010 é de 6,65%. Analizando esta mesma taxa nas provincias españolas, cómpre mencionar que Lugo se sitúa, cun 13,19%, entre as cinco primeiras con indicadores máis elevados. As tres primeiras son: Teruel, Guadalajara e Segovia.

MOBILIDADE DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. 2010.

PROVINCIAS GALEGAS	Nº contratos				Taxas			% variación 2010/09	
	Permanecen	Entran	Saen	Saldo	Entrada	Saída	Mobilidade	Entran	Saen
A Coruña	3.843	304	216	88	7,33%	5,32%	6,34%	9,35%	-4,42%
Lugo	589	85	94	-9	12,61%	13,76%	13,19%	10,39%	13,25%
Ourense	903	48	97	-49	5,05%	9,7%	7,43%	41,18%	4,3%
Pontevedra	3.609	160	265	-105	4,25%	6,84%	5,56%	-0,62%	-1,85%
Total	8.944	597	672	-75	6,25%	7,04%	6,65%	15,07%	2,82%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

4. CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE NOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE GALICIA

A Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos (LISMI), estableceu as bases para a regulación dos centros especiais de emprego (CEE). Esta lei define os CEE como aqueles centros cuxo obxectivo principal sexa o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo como finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste de persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade. A súa misión é, ao mesmo tempo, ser un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Malia que esta lei estableceu que a totalidade dos cadros de persoal dos centros especiais de emprego deberían estar constituídos por traballadores con discapacidade, este requisito flexibilizouse máis tarde, quedando establecido un mínimo do 70% de persoas con discapacidade respecto do total do cadro de persoal, sen computar para eses efectos os traballadores non discapacitados dedicados a tarefas de axuste persoal e social.

Practicamente, o 16% dos contratos rexistrados a persoas con discapacidade no ano 2010 corresponden a contratacións levadas a cabo en centros especiais de emprego, en total 1.510 contratacións.




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O 60% do total de contratos dos CEE son formalizados na provincia da Coruña (893), seguida de Pontevedra con 310 contratos, Ourense con 250 e Lugo con 57.


Por tipoloxía de contratación, claramente a máis empregada por este tipo de centros é a que recolle os traballadores eventuais, con 481 contratos en total, seguidos dos rexistros por obra e servizo, con 414 contratos.

O crecemento experimentado en canto a novas contratacións nos CEE galegos é moi significativo de termos en conta os datos de anos anteriores. En 2008 o total de rexistros ascendía a 893 e un ano despois, en 2009, a 743 contratacións, pasando finalmente a 1.510 no ano 2010.




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CEE NAS PROVINCIAS GALEGAS. 2010.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

5. PERFIL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE CONTRATADAS EN GALICIA NO ANO 2010.



6. DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

En 31 de decembro de 2010, Galicia tiña un total de 7.279 demandantes parados con algún tipo de discapacidade, dato que significa o 3,06% do total de demandantes na comunidade autónoma. A representación dos parados con discapacidade sobre o conxunto da poboación é superior á que presentan os contratados coas mesmas características, como se observou no punto anterior.

O volume de persoas discapacitadas en situación de desemprego incrementouse nos últimos cinco anos nun 34,91%; en valores absolutos, isto significa que en 2010 existen uns 2.694 desempregados máis dos que constaban inscritos no ano 2006. O aumento de parados neste colectivo é aínda máis elevado que o acontecido no conxunto da poboación galega, xa que para esta última a porcentaxe de subida é dun 30,32%.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A representación de mulleres e homes en situación de desemprego é practicamente a mesma, 49,85% e 50,15% respectivamente no ano 2010. Este último ano é o primeiro en que os homes superan as mulleres nesta situación; pola contra, no conxunto estatal elas aínda seguen a acadar valores máis elevados. Atendendo ao incremento de paro producido nos últimos cinco anos para ambos os dous xéneros, confírmase que os homes son aqueles que presentan un crecemento maior, tanto no colectivo de demandantes discapacitados como no conxunto total de demandantes.

DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

GALICIA	2006	2007	2008	2009	2010	Variación desemprego de discapacitados entre 2006 e 2010	Variación do desemprego xeral entre 2006 e 2010
HOME	2.252	2.341	2.701	3.239	3.651	38,65%	45,04%
MULLER	2.333	2.514	2.861	3.340	3.628	31,35%	19,61%
TOTAL XERAL	4.585	4.855	5.562	6.579	7.279	34,91%	30,32%


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

No ámbito provincial, a mesma situación que acontecía na contratación repítese no marco do desemprego, xa que A Coruña acapara a maior parte de demandantes discapacitados, cun 42% sobre o total, seguida pola provincia de Pontevedra, cun 39,88%, que se converte na provincia que maior incremento de demandantes con discapacidade experimenta nos últimos cinco anos, pois practicamente ten o dobre de parados en 2010 que en 2006.

DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE NAS PROVINCIAS GALEGAS

PROVINCIAS GALEGAS	2006	2007	2008	2009	2010	Variación do desemprego de discapacitados entre 2006 e 2010
A Coruña	2.056	2.158	2.495	2.880	3.075	28,27%
Lugo	410	471	529	590	651	30,20%
Ourense	472	451	519	597	650	27,51%
Pontevedra	1.647	1.775	2.019	2.512	2.903	46,01%
Total xeral	4.585	4.855	5.562	6.579	7.279	34,91%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Galicia é a quinta comunidade autónoma por volume de demandantes con discapacidade baseándose nos datos do pasado ano 2010, a mesma posición que ocupa en canto a movementos contractuais rexistrados.


Na comunidade galega, o 3,06% dos demandantes parados teñen unha discapacidade, porcentaxe que está por enriba da representación que este colectivo ten a nivel estatal: un 2,27%. Ademais, tendo en conta as cinco comunidades autónomas con maior volume de demandantes con discapacidade, Galicia é a que maior peso relativo ten deste colectivo segundo os datos do 31 de decembro de 2010.

Todas e cada unha das comunidades autónomas españolas incrementan o volume de desempregados discapacitados entre 2009 e 2010. Galicia está entre as catro comunidades que menos aumenta neste período, un 10,64%, xunto con outras tres da zona norte española: Castela e León, Asturias e o País Vasco.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Un 30% dos demandantes parados con discapacidade teñen entre 35 e 44 anos e un 25%, entre 45 e 54 anos. Precisamente este último grupo de idade é o que amosa un crecemento porcentual máis acentuado de desempregados entre 2009 e 2010, un 15,81% en positivo na variación interanual. Os demandantes con discapacidade máis novos (menores de 25 anos), ademais de seren os que menos representación obteñen no colectivo de demandantes parados, son os únicos que rebaixan o volume de persoas nesta situación no último ano, 50 desempregados menos en 2010 con respecto a 2009.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Por tipo de discapacidade, na de carácter físico aglutínanse máis da metade dos demandantes do colectivo que teñen esta situación declarada, seguida das discapacidades psíquicas, sensoriais e da linguaxe. Cómpre engadir, en canto ao grao de discapacidade declarada dos demandantes, que o 22% deles teñen unha disfunción de ata o 33%, o 47% deles do 34% ao 64%, o 26% deles do 65% ao 74% e, por último, o 5% teñen unha discapacidade de máis dun 75%.

DEMANDANTES PARADOS SEGUNDO O TIPO DE DISCAPACIDADE.

2010	Discapacidade non declarada	Física	Psíquica	Sensorial	Da linguaxe
A Coruña	1.269	1.072	438	287	9
Lugo	129	208	196	108	10
Ourense	175	217	153	100	5
Pontevedra	1.185	956	427	317	18
Total	2.758	2.453	1.214	812	42

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

No tocante ao nivel formativo, podemos afirmar que algo máis da metade das persoas discapacitadas paradas, o 52%, teñen nivel de formación equivalente á primeira etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, o 20% teñen estudos de Educación Primaria e o 16% a segunda etapa de Educación Secundaria. O 11% do total de demandantes con discapacidade teñen estudos superiores de FP ou universitarios.


Comparando estes datos cos da poboación total desempregada, podemos comprobar como a maior diferenza porcentual se produce cos titulados universitarios e de Formación Profesional de grao superior, xa que estes no conxunto dos desempregados obteñen unha representación maior que nos discapacitados, un 17,91% a finais de 2010. As restantes categorías están moi próximas entre ambos os colectivos e sitúanse practicamente na mesma orde de importancia.

NIVEL FORMATIVO DOS DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA

NIVEL FORMATIVO	DEMANDANTES PARADOS
PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA	3.800
EDUCACIÓN PRIMARIA	1.444
SEGUNDA ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA	1.130
ENS. SUP. FP EQUI. ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO	443
ENSINO UNIVERS. DE PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO	334
ANALFABETOS	107
PROGRAMAS DE MÁIS DE 300 HORAS	11
ENSINO UNIVERSITARIO DE TERCEIRO GRAO	4
ENS. MÁIS DE 300 HORAS CON ESO PARA F E I	3
PROG. DE MÁIS DE 300 HORAS CON TIT. ESO	2
ESPECIALIZACIÓNS OFICIAIS	1


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O 40% do total de demandantes parados con discapacidade levan máis de dous anos na procura dun emprego, un total de 2.903 persoas, mentres que outro 20% levan entre 12 e 24 meses, 1.444 persoas; todos eles son os considerados como parados de longa duración. Se comparamos estes datos cos que ofrece o resto de poboación desocupada, vemos claramente como as persoas con discapacidade teñen maior dificultades de atopar un posto de traballo que o conxunto da poboación. Do total destes últimos, comprobamos que o 21,09% levan en situación de desemprego máis de dous anos e un 18% levan de 12 a 24 meses.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Cómpre engadir, neste aspecto, que as mulleres con discapacidade son lixeiramente maioritarias no colectivo de parados de longa duración: 2.038 homes fronte a 2.309 mulleres a decembro de 2010. Nos restantes tramos de antigüidade na demanda de emprego, os homes superan as mulleres en canto a volume de inscricións.




Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia


O 37% dos demandantes discapacitados rexistrados nas oficinas de emprego galegas está a cobrar algún tipo de prestación; en total, 2.721 persoas. As prestacións que se recollen neste punto refírense a aquelas que protexen a situación por desemprego de nivel contributivo, asistencial e de renda activa de inserción. Os datos están referidos aos beneficiarios que teñen concedida unha prestación na data de referencia da información, é dicir, o 31 de decembro de 2010.

No caso dos desempregados que non son discapacitados, pódese comprobar como aqueles que ingresan a prestación mencionada superan aos que non a cobran, ao contrario do que sucede coas persoas discapacitadas.

Analizando máis en profundidade o perfil da persoa con discapacidade que cobra prestación por desemprego e atendendo ao sexo, podemos engadir que hai máis homes que cobran axuda nesta situación que mulleres (1.404 homes fronte a 1.317 mulleres) e, por idades, o grupo maioritario é o daqueles que teñen entre 35 e 44 anos, seguido polas persoas de 45 a 54 anos. Lembremos que para acceder ás prestacións é necesario un tempo previo de cotización á Seguridade Social, o cal inflúe directamente na idade dos perceptores.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Seguindo o mesmo comportamento da economía en xeral, os demandantes con discapacidade concéntranse no sector servizos maioritariamente. Cando se analizan as actividades económicas dos desempregados inscritos nas oficinas de emprego galegas, reflíctese a actividade da última empresa en que o traballador ou a traballadora prestou os seus servizos.

Tendo en conta este parámetro, podemos observar como un total de 1.554 demandantes discapacitados, un 21,34% do total, se rexistran nas oficinas de emprego sen teren experiencia previa no ámbito laboral, ou ben trátase de parados de longa duración con experiencia moi antiga. Seguidamente, os traballadores que proveñen da Administración pública, aqueles que teñen experiencia en servizos de comidas e bebidas e os da construción especializada acaparan outro 21% máis dos restantes desempregados con discapacidade.

AS DEZ ACTIVIDADES ECONÓMICAS CON MAIOR VOLUME DE DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE.
GALICIA 2010

CNAE 09	DEMANDANTES PARADOS
Sen emprego anterior	1.554
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	549
Servizos de comidas e bebidas	472
Actividades de construción especializada	448
Comercio polo miúdo, agás os vehículos de motor e motocicletas	433
Servizos a edificios e actividades de xardinaría	260
Actividades relacionadas co emprego	233
Construción de edificios	229
Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	209
Comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás os vehículos de motor e motocicletas	202

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Entre as ocupacións máis demandadas polas persoas con algún tipo de discapacidade, destacan esencialmente aquelas que teñen baixo nivel de cualificación (persoal de limpeza e repoñedores de hipermercado), aínda que tamén os datos mostran preferencias en ocupacións de maior nivel, como os de tipo administrativo, recepcionistas e telefonistas ou os dependentes de comercio.


As 10 ocupacións máis demandadas presentan en 2010 un incremento de solicitudes con respecto a 2009, destacando entre elas as categorías de peóns da industria manufactureira e os peóns en obras públicas, os cales roldan un 30% de aumento entre ambos os dous períodos.

Resulta interesante engadir a taxa de persoas con discapacidade en cada ocupación entendida como o peso porcentual que ten este colectivo no conxunto de demandantes parados de cada ocupación. Así, pódese confirmar que ocupacións como a de empregados de venda de cupóns e os dependentes de quioscos destacan claramente sobre as restantes, con representación moi alta de demandantes con discapacidade sobre o total (84% e 61% respectivamente). Outras profesións como os encadernadores, restauradores e os repartidores en xeral teñen tamén unha alta presenza de persoas demandantes con discapacidade.

AS DEZ OCUPACIÓNS MÁIS SOLICITADAS POR PARTE DOS DEMANDANTES PARADOS CON DISCAPACIDADE.
GALICIA 2010


Código	Ocupación	2010	2009	variación 2009/2010
92101050	Persoal de limpeza ou limpadores en xeral	1.909	1.602	19,16%
52201079	Dependentes de comercio en xeral	1.409	1.259	11,91%
43091029	Empregados administrativos en xeral	1.003	927	8,20%
98201011	Repoñedores de hipermercado	1.000	890	12,36%
61201028	Xardineiros en xeral	930	793	17,28%
97001104	Peóns da industria manufactureira	913	702	30,06%
98111024	Mozos de carga e descarga, almacéns	864	741	16,60%
44121057	Recepcionistas -Telefonistas en oficinas	850	808	5,20%
94311020	Ordenanzas	632	610	3,61%
96011029	Peóns en obras públicas	575	450	27,78%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

7. PERFIL DAS PERSOAS DEMANDANTES PARADAS CON DISCAPACIDADE EN GALICIA NO ANO 2010.



8. TRAZOS MÁIS SALIENTABLES DA DISCAPACIDADE E O EMPREGO EN GALICIA:

CONTRATACIÓN

9.542 contratos asinados polas persoas con discapacidade no ano 2010. Este colectivo supón o 1,41% do total dos contratos efectuados na comunidade autónoma galega e o 6,30% dos contratos asinados por discapacitados no conxunto estatal. A tendencia negativa experimentada na súa contratación varía no último ano, aumentando os rexistros nun 7,17% de 2009 a 2010.

Maior peso dos homes na contratación. Eles supoñen o 61% do total dos movementos rexistrados no ano 2010, aínda que son as mulleres as únicas que experimentan crecemento nos últimos cinco anos, un 5,23% de 2006 a 2010.

O sector servizos lidera a contratación de persoas con discapacidade. Destacan os servizos relacionados coa xardinaría, actividades de servizos sociais, de comidas e bebidas, o comercio ao retalho e as actividades anexas ao transporte. A actividade económica que maior incremento de contratación experimenta entre 2009 e 2010 é a de servizos a edificios e actividades de xardinaría.

1.510 discapacitados subscriben un contrato de traballo para os centros especiais de emprego galegos. Representan o 16% do total dos contratos a persoas con discapacidade, e no último ano vese duplicado o seu volume de novos empregos, pasando de 743 en 2009 a 1.510 en 2010.

PARO REXISTRADO


7.279 persoas con discapacidade en paro no ano 2010. Supoñen o 3,06% do total de demandantes parados en Galicia e nos últimos cinco anos aumentaron nun 34,91%.

Representación similar entre mulleres e homes. O ano 2010 é o primeiro en que os homes con discapacidade teñen maior peso relativo que as mulleres no ámbito do desemprego (50,15% de homes e 49,85% de mulleres). A terceira parte do total de parados teñen entre 35 e 44 anos.

O 40% levan máis de dous anos na procura dun emprego. As mulleres con discapacidade son maioritarias no colectivo de parados de longa duración: 2.309 mulleres en total. Do total de parados, o 37% está a cobrar unha prestación por desemprego a nivel contributivo, asistencial ou de renda activa de inserción.


Unha quinta parte dos demandantes con discapacidade non teñen experiencia previa no ámbito laboral. Entre as ocupacións máis demandadas no ano 2010 por parte deste colectivo destacan as de persoal de limpeza, dependentes de comercio, empregados administrativos e repoñedores de hipermercado. Ocupacións como as de empregados de venda de cupóns, dependentes de quioscos, encadernadores e restauradores teñen no seu conxunto unha alta presenza de demandantes con discapacidade.

FICHAS TÉCNICAS: AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO MERCADO LABORAL DAS PROVINCIAS GALEGAS

A CORUÑA**CONTRATACIÓN**




PROPORCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO TOTAL DA
CONTRATACIÓN **1,43%**

VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
ENTRE 2006 E 2010 **-0,98%**




**As dez ocupacións con maior número de contratos para as persoas con
discapacidade. 2010**

GRUPO OCUPACIONAL	CONTRATOS
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	671
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	244
Peóns do transporte e descargadores	179
Crupiers e outros empregados de salas de xogo e apostas	162
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	149
Peóns de industrias manufactureiras	138
Lavandeiros, pasadores de ferro e asimilados	110
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	100
Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	91
Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son	83


A CORUÑA**DEMANDANTES PARADOS****PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS
CON DISCAPACIDADE NO TOTAL****3,28%****As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados con discapacidade. 2010**

OCUPACIÓN	DEMANDAS
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADORES EN XERAL	865
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	660
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	472
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	458
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN	445
XARDINEIROS, EN XERAL	399
RECEPCIONISTAS-TELEFONISTAS EN OFICINAS	388
ORDENANZAS	335
OPERADORES DE CENTRAL TELEFÓNICA	261
ASISTENTES DOMICILIARIOS	238

LUGO**CONTRATACIÓN**




PROPORCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO TOTAL DA
CONTRATACIÓN **1,06%**

VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
ENTRE 2006 E 2010 **-24,67%**




**As dez ocupacións con maior número de contratos para as persoas con
discapacidade. 2010**

GRUPO OCUPACIONAL	CONTRATOS
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	73
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	49
Condutores de camións	39
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	37
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	31
Peóns de industrias manufactureiras	29
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	25
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	19
Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	17
Albaneis e canteiros	16


LUGO**DEMANDANTES PARADOS**
**PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS
CON DISCAPACIDADE NO TOTAL**
2,78%
**As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados con discapacidade. 2010**

OCUPACIÓN	DEMANDAS
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADORES EN XERAL	157
XARDINEIROS, EN XERAL	130
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	122
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	102
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN	78
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	72
ORDENANZAS	69
ASISTENTES DOMICILIARIOS	65
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	61
CARPINTEIROS EN XERAL	60

OURENSE**CONTRATACIÓN**




PROPORCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO TOTAL DA
CONTRATACIÓN **1,67%**

VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
ENTRE 2006 E 2010 **22,71%**




**As dez ocupacións con maior número de contratos para as persoas con
discapacidade. 2010**

GRUPO OCUPACIONAL	CONTRATOS
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	108
Peóns de industrias manufactureiras	93
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	93
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	92
Peóns do transporte e descargadores	49
<i>Crupiers</i> e outros empregados de salas de xogo e apostas	47
Asistentes domiciliarios	29
Condutores de camións	26
Telefonistas	25
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	20


OURENSE**DEMANDANTES PARADOS**
**PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS
CON DISCAPACIDADE NO TOTAL**
2,45%

As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados con discapacidade. 2010

OCUPACIÓN	DEMANDAS
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	153
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADORES EN XERAL	135
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	120
XARDINEIROS, EN XERAL	89
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	86
RECEPCIONISTAS-TELEFONISTAS EN OFICINAS	81
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	69
ASISTENTES DOMICILIARIOS	64
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN	63
PEÓNS DE HORTICULTURA, XARDINARÍA	61

PONTEVEDRA**CONTRATACIÓN**

PROPORCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO TOTAL DA
CONTRATACIÓN **1,39%**




VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
ENTRE 2006 E 2010 **-4,05%**



**As dez ocupacións con maior número de contratos para as persoas con
discapacidade. 2010**

<u>GRUPO OCUPACIONAL</u>	<u>CONTRATOS</u>
Peóns de industrias manufactureiras	424
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	389
Peóns do transporte e descargadores	269
Crupiers e outros empregados de salas de xogo e apostas	202
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	165
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	160
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	134
Auxiliares de enfermaría hospitalaria	107
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	94
Taquígrafos e mecanógrafos	92


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

PONTEVEDRA**DEMANDANTES PARADOS**
**PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS
CON DISCAPACIDADE NO TOTAL DO PARO
REXISTRADO**
**As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes parados con discapacidade. 2010**

OCUPACIÓN	DEMANDAS
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADORES EN XERAL	752
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	507
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	479
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	387
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	357
RECEPCIONISTAS-TELEFONISTAS EN OFICINAS	331
XARDINEIROS, EN XERAL	312
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN	278
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	267
CONSERXES, EN XERAL	252

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

galicia



XUNTA
DE GALICIA